

# ED. INFANTIL

# 1º CICLO

# 2º CICLO



## Maruxa


Eva Mejuto, OQO

Maruxa e Pepiño vivían na aldea. Maruxa cosía, varría e labraba. Benito cantaba, folgaba e durmía. Mais un día... Maruxa decide dar unha lección ao seu marido.

## Sígueme (unha historia de amor que non ten nada de raro)

José Campanari & Roger Olmos, OQO


Un elefante gris con lunares morados, que vive nunha selva, namora dunha formiga negra con cintura de avés. O seu amor é correspondido, pero para chegar a estar xuntos teñen moito camiño que percorren.



## El gorila y el esfuerzo

Varios Autores, Susaeta

Plácido é un gorila moi bo pero tamén moi lacazán, tanto que prefire pensalo dúas ou tres veces antes de mover un dedo. Hai algo ou alguén na selva que o poida facer cambiar?



## Mi primer libro sobre Ellas

Rivera de la Cruz, Marta, Anaya

A través deste libro coñecerás a mulleres admirables que, en épocas nas que non tiñan dereito a case nada, atrevéronse a loitar polos seus soños e cambiaron a historia.

## El fantasma de palacio

Mira Lobe, ED. SM

A solitaria pantasma do palacio abúrrase moito e decide pór un anuncio: "Habitante de palacio busca urxentemente amigos para compartir casa". O pintor Balduino, Princesa e Wuff van vivir con el...

Que divertidas situacións vivirán os catro? Un relato cheo de humor sobre o verdadeiro valor da amizade.



## Unha rica merenda

Rocío Antón e Lola Núñez, Anaya

Carapuchiña estráñase de que non apareza o lobo no bosque. De repente veo tirado, coa tripa hinchada coma un globo. E é que empachou e se atopa moi mal.

## Querido tolo

Juan Krusz Igerabide Sarasola, MacMillan Heinemann

Nesta divertidísima historia, Piti-minosequé, unha cadeliña coqueta, dáse conta de que lle gusta moito un can moi bruto, Tolo. Poderán salvar as súas diferenzas e vivir felices xuntos?



## Ellas hicieron historia. Mujeres admirables

Rivera de la Cruz, Marta, Anaya  
Coñece a mulleres admirables que, en épocas nas que non tiñan dereito a case nada, atrevéronse a loitar polos seus soños e cambiaron a historia.

## Desafío Lunar

Ana Alonso, Ed. Anaya

Lucas, o neno superheroe, enfróntase a unha nova e sorprendente aventura: a superheroína Leonor atópase prisioneira na Lúa e Lucas debe ir a rescatala. Pero Noir, o feiticeiro intergaláctico, está disposto a impedirlo.



## Misterio en el vestuario de fútbol


VVAA, MacMillan Heinemann

Algo raro pasa no equipo de "Las Gallinas Coloradas": é o mellor equipo do mundo e non fan máis que perder no campionato de liga. Cambios de adestrador, fichaxes estrela a metade de temporada e nada. O presidente do equipo, vai chamar á galiña Cloti para que averigüe por qué ...

## Un furacán chamado Otilia

Víctor Raga, Ed. Xerais


Helena e Martiño seguen a pelexar coma o can e o gato. Por sorte, o señor Viramontañas sabe como tratalos e xuntos aprenden moitas cousas sobre a atmosfera e o tempo, ata que chega un furacán chamado Otilia e ponon todo patas arriba.



## Xaime e as landras

Tim Bowley, Ed. Kalandraka

Xaime prantou unha landra que xerminou e creceu pero... non todas as landras prantadas chegan a ser árbores.



# 3º CICLO

# FAMILIAS


# BIBLIOTECA DE RUBIANS



## Rosa Parks: La lucha contra el racismo

Paola Capriolo, *Vicens Vives*

Hai persoas que loitaron por alcanzar a xustiza e a igualdade. Rosa Parks, unha humilde costureira negra negouse a ceder o seu asento nun autobús a unha persoa branca.



## Malala. Mi historia


Malala Yousafzai, *Alianza Editora*

Premio Nobel da Paz 2014. Malala tiña 10 anos cando os talibáns tomaron a súa rexión. Defendeu as súas conviccións e loitou polo seu dereito á educación. En 2012 estivo a piques de perder a vida pola causa: disparáronlle a queimarroupa no autobús cando voltaba a casa do colexio.

## Querido Max

D. J. Lucas, *SM*

A vida de Max é un pouco complicada: viviu a morte do seu pai, teñen que operalo e os «abusóns» da clase méntense con el. Pero consegue facerlles fronte e cumprir 2 dos seus soños: xogar ao fútbol e escribir.



## Niños desobedientes, padres desesperados

Rocío Ramos-Paúl, Luis Torres, *Aguilar*


Estás desesperado porque o teu fillo é un desobediente? Non cumpre coas súas tarefas? Pensas que fai contigo o que quere e non sabes que facer? Inquietos, testáns, mentireiros, cada neno é único, pero todos necesitan seguir certas normas para crecer coma adultos responsables.



## Respuestas prácticas para padres agobiados. Disfrutar educando

Javier Urra, *Espasa*

Como pode superar o meu fillo a timidez?, Como evitar que todos se rían do meu fillo?, Como actúo cando ten unha rabieta? Todas estas preguntas e moitas outras teñen unha resposta práctica nesta guía dirixida principalmente para os pais actuais.



## Historia da bicicleta dun home lagarto

Fina Casalderrey, *Laura Súa, Xerais*

Mundo é un neno que superou o ataque dos lobos ao seu rabaño, pedaleou nunha bicicleta de celador de telefonía, subiu aos postes máis altos... Pero a misteriosa desaparición do seu pai, o medo debuxado nas caras das veciñas, as notas manuscritas nos libros... atoldaron os seus soños de futuro.

## Las aventuras de Inés Saldaña

Vicente García Oliva, *Pearson*

Nada nunha humilde familia andaluza a finais do s. XV, a xove Inés Saldaña decide lanzarse á aventura. Baixo unha nova aparencia logrou embarcarse na aventura de Colón.




A vida nunha carabela non é doada, pero a súa intelixencia será decisiva nos momentos cruciais da travesía.

## El no también ayuda a crecer

Mª Jesús Álava Reyes, *La esfera de los libros*

«Non podemos con el/ela». «Tómanos o pelo». «Sáltase as normas e pasa o día desobedecendo e contestando». «Non sabemos que facer para que estude,



<http://www.galicia.es/>

Plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas para facilitar a lectura neste formato.

## AS TRES RAÍÑAS MAGAS:

## MELCHORA, GASPARA E BALTASARA



“Un neno, un mestre, un libro e unha pluma poden cambiar o mundo. A educación é a única solución.”

Malala Yousafzai,  
Premio Nobel da Paz 2014

<http://bibliotecarubians.blogspot.com>